

A colección do Museo Provincial é a máis completa da obra de Bujados (moi dispersa dadas as súas características e as circunstancias biográficas do autor) da que dispón calquera institución pública ou privada, dentro ou fóra de Galiza.



M  
A  
N  
U  
E  
L  
  
B  
U  
J  
A  
D  
O  
S

A figura de Manuel Bujados (Viveiro, 1889-Belle Ville, Arxentina, 1954) comeza agora a ser apreciada e valorada, despois de décadas de inmerecido esquecemento. O paso e o pouso do tempo volven colocalo pouco a pouco no lugar que lexitimamente lle acae a este artista que gozou dun notable prestixio, a ambos lados do Atlántico, maiormente ao longo das décadas dos anos dez e vinte do pasado século. Notable pintor e retratista e, sobre todo, extraordinario debuxante e ilustrador; foi unha figura esencial da estampa modernista no Estado español, ben fose como colaborador habitual das máis prestixiosas revistas ilustradas daquela época (*La Esfera*, *Blanco y Negro*, *Nuevo Mundo*, *La Tribuna...*, entre outras) ou como ilustrador de numerosas e notables producións editoriais do momento no eido da literatura e tamén nas máis populares coleccións periódicas de novelas ilustradas.

Desenvolveu, ademais, ao longo deses anos unha importante actividade expositiva, acollida sempre pola crítica con unánimes parabéns, en Galiza, Madrid e Arxentina: Centro Galego de Madrid, 1913, diversas edicións do Salón de Humoristas no Círculo de Belas Artes de Madrid dende 1914 ata 1923, Exposición de artistas galegos, A Coruña, 1917, exposicións promovidas por José Francés no Salón de Arte Moderno e no da Casa Nancy de Madrid, Mostra de Arte Galega de Bos Aires 1919, Exposición de Arte Galega no pazo do Retiro de Madrid, 1923, e no mesmo ano III Exposición de Arte Galega da Coruña.

A súa vida discorre entre o seu Viveiro natal, onde pasa os primeiros anos da infancia —procede dunha familia de prósperos comerciantes de orixe valenciana asentada na Mariña luguesa— e a cidade arxentina de Belle Ville, onde reside a cargo dun irmán dende os seis anos ata a mocidade e onde pasará tamén os últimos vinte anos da súa vida, dende o seu regreso en 1934, precisamente para facerse cargo do reparto da fortuna do seu irmán que acababa de falecer.

Entre esas dúas etapas, tras unha viaxe de formación por diversos países europeos custeada polo seu irmán e unha breve tempada na casa familiar de Viveiro, sitúanse os máis de vinte anos que pasou en Madrid, concretamente dende 1911 ata o seu regreso a Belle Ville, dedicado plenamente á actividade artística, literaria e musical (foi un notable pianista e mesmo compositor). A vida bohemia madrileña absórbeo de cheo tras abandonar, sen apenas comezar, os estudos de enxeñaría industrial.

A súa actividade creativa comeza coa publicación de poemas, relatos e novelas curtas, normalmente asinadas con pseudónimo en xornais e revistas para pasar despois, da man de José Francés, a colaborar como ilustrador na revista *La Esfera*, unha colaboración que foi especialmente intensa entre os anos 1915 e 1919. A influencia de Francés foi decisiva para que Bujados se dedicase ao debuxo e á pintura en detrimento da literatura e da música. Os seus debuxos e ilustracións encádrano con rotundidade na estética modernista, da que se converte nun dos seus principais representantes. Un modernismo sensual caracterizado por un equilibrado esquema compositivo e unha liña exquisita, nidia e requintada. Os temas oníricos, simbólicos e claramente literarios que aborda póñeno en relación temática e tamén formal (como xa observou a crítica do momento e tamén manteñen os principais estudosos actuais da obra do viveirense, nomeadamente M.<sup>ª</sup> Antonia Rodríguez) co debuxante británico Aubrey Beardsley, universalmente coñecido pola súas ilustracións das obras de Oscar Wilde ou Edgar Allan Poe.

Dende que se establece en Madrid, Bujados inicia tamén os seus contactos con artistas galegos, sábese da su amizade cos debuxantes Máximo Ramos e Federico Ribas, co escultor Asorey, o pintor compostelán Juan Luís, co que chegou a compartir estudio ou o ribadense Amando Suárez Couto, co que tamén compartiu o lugar de traballo noutra tempada. O seu vencello coa arte galega queda tamén de manifesto nas críticas que publicou sobre a exposición do Centro Galego de Madrid de 1912, e na súa participación nos máis senlleiros eventos expositivos do colectivos de artistas galegos no primeiro terzo de século (En Madrid, A Coruña e Bos Aires)

No ano 1966 o Museo Provincial de Lugo recibe unha importante doazón de D. Antonio Fernández López, un dos principais mecenas desta institución museística, e do Centro Lucense de Bos Aires. Entre o conxunto do donativo, destacaba unha importante colección de esbozos, debuxos e pinturas de técnica mixta de Manuel Bujados Corenta e tres anos despois, coincidindo co 120 aniversario do nacemento do artista viveirense, por primeira vez, expuxose ao público o conxunto desta colección. Actualmente na exposición permanente do Museo se exhiben dez debuxos e o cartel sobre Viveiro que lle fora encargado para a Exposición Iberoamericana de Sevilla de 1929.